



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Supervisión y Control, S.A. para o desenvolvemento do proxecto “Reinventa a ITV, inventa o teu futuro”

En Santiago de Compostela, vinteún de decembro de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación da mesma, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Doutra, don Juan Diego Rodríguez Martínez, na súa condición de director xeral da empresa Supervisión y Control S.A., en nome e representación da mesma, segundo consta no poder outorgado ante a notaria de don Miguel Jurjo de A Coruña, con fecha 24 de marzo de 2009, e número de protocolo 526.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas, sinalando que a consellería con competencias en materia de educación



promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas nos sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.

2. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria conta cun Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, Eduemprende, que fomenta o espírito emprendedor e empresarial en todas as etapas educativas como unha competencia básica que facilitará, entre outras, a entrada no mundo laboral do alumnado.

3. Que a empresa Supervisión y Control, S.A., entidade concesionaria da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para a prestación do servizo público de inspección técnica de vehículos, é unha empresa privada integrada no Grupo de Empresas Fomento de Iniciativas, que ten como actividade, a propia da inspección técnica de vehículos ITV no eido xeográfico da comunidade autónoma de Galicia, efectuando todos os tipos de inspección técnica establecidos na normativa vixente a todo tipo de vehículos.

4. Que o proxecto “Reinventar a ITV, inventa o teu futuro” consiste nun concurso de ideas para a mellora do servizo público da ITV de calquera tipo: organizativas, do proceso de inspección, de puntos a revisar, etc. Está dirixido aos futuros mecánicos da comunidade autónoma de Galicia: alumnado do segundo curso do ciclo superior de automoción dos centros públicos.

5. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Supervisión y Control, SA están de acordo en colaborar para desenvolver o proxecto “Reinventar a ITV, inventa o teu futuro”, proxecto que incidirá directamente no fomento do espírito emprendedor, na mellora das competencias e da inserción laboral do alumnado da familia profesional Transporte e mantemento de vehículos.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. O obxecto do presente convenio é a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Supervisión y Control, S.A. para o desenvolvemento do proxecto “Reinventar a ITV, inventa o teu futuro”.



Segunda. Este proxecto “Reinventa a ITV, inventa o teu futuro” ten como finalidade a mellora das competencias, o desenvolvemento das actuacións previstas no Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, eduemprende: fomento do traballo en equipo e do espírito emprendedor, e a inserción laboral do alumnado de formación profesional; ao tempo que se promociona a imaxe da inspección técnica de vehículos e da seguridade viaria.

As características deste proxecto son:

- O proxecto consiste nun concurso que ten por obxecto presentar calquera tipo de idea que resulte favorecedora para mellorar as actuais condicións baixo as que se presta o servizo da ITV en Galicia.
- Poderá participar o alumnado matriculado no segundo curso do ciclo superior de Automoción en centros públicos da nosa comunidade autónoma.
- A participación será de forma obrigatoria en equipo, integrado por un número de tres ou catro alumnos e sempre a través dos centros educativos.
- Cada centro nomeará un profesor que coordinará a todos os equipos que presente o centro educativo. Este profesor actuará como titor do alumnado na elaboración dos seus proxectos.
- A duración do concurso será de novembro a maio, do curso 2012-2013.
- Temática: un proxecto que propoña posibles melloras da ITV en xeral.
- Premios:
 - Cada un dos alumnos do equipo gañador recibirá unha bolsa remunerada dun ano de duración nun centro da empresa Supervisión y Control, S.A., próximo ao seu domicilio, a través do programa de bolsas de formación de Feuga. A bolsa farase efectiva unha vez titulado o alumno e dentro do ano 2013.
 - O centro educativo ao que pertenza o alumnado do equipo gañador, recibirá ademais unha gratificación económica de 5000 €, que se destinará á mellora da calidade das ensinanzas de formación profesional.
- Xurado, descrito na seguinte cláusula.

Terceira. O xurado que avaliará os proxectos estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente, que será D. Luis Rodríguez Moya, un dos copilotos de rally máis laureados da historia do Campionato Mundial de Rallys e seña de identidade estandarte universal da nosa comunidade na práctica deste deporte.



- Tres vogais, que serán nomeados pola empresa Supervisión y Control, S.A.
- Dous vogais, que serán nomeados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Cuarta. Para a selección do proxecto gañador terase en conta que sexa novidoso, viable a corto, medio e largo prazo e que estea ben presentado.

Quinta. O concurso desenvolverase atendendo ás seguintes fases:

- 1ª Fase: Convocatoria e inscrición, no mes de xaneiro de 2013. Realizarase unha rolda de prensa e a posta en marcha do proxecto en Santiago de Compostela.
- 2ª Fase: Visitas a estacións. Comunicacions en prensa das visitas dos distintos centros educativos que vaian presentar competidores.
- 3ª Fase: Presentación dos proxectos.
- 4ª Fase: Exposicións dos finalistas.
- 5ª Fase: Entrega de premios aos gañadores no mes de maio de 2013.

Sexta. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria difundirá nos centros educativos, que impartan o ciclo superior de Automoción este proxecto de cara a fomentar a participación do alumnado deste ciclo formativo no proxecto, e favorecerá, de ser o caso, a incorporación dos proxectos aos viveiros de empresas dos centros educativos.

Sétima. Os asinantes deste convenio e as persoas participantes están de acordo cos seguintes termos:

- Coa inscrición acéptanse as bases dos premios.
- Os asinantes deste convenio poderán difundir as características xerais dos proxectos e, no seu momento, o nome do alumnado do proxecto gañador.
- Para os efectos da aplicación do contido do proxecto gañador na prestación do servizo público de inspección técnica de vehículos, a empresa será a propietaria do mesmo.
- A organización comprométese a gardar confidencialidade dos datos achegados.
- Queda garantido o correcto tratamento da documentación achegada e dos datos facilitados, consonte a Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.



Oitava. Para o seguimento deste convenio, establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que estará constituída por dous representantes de cada parte e que se reunirá cando o considere oportuno.

Novena. O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente mentres se desenvolva este proxecto, en todo caso extinguirase o trinta de xuño. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación.

Décima. Este convenio posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o exclúe do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria**

**O Director Xeral da empresa Supervisión
y Control S.A.**

Asdo.: Jesús Vázquez Abad

Asdo.: Juan Diego Rodríguez Martínez